



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

REGULAMENTO DE USO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE OLEIROS

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade regula a intervención dos organismos competentes en actividades públicas ou privadas que directa ou indirectamente poidan ter consecuencias negativas para a saúde, mediante as correspondentes limitacións preventivas de carácter administrativo. A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a través do Decreto 103/2005, do 6 de maio polo que se establece a regulamentación técnico sanitaria de piscinas de uso colectivo, fixa con carácter obrigatorio, as normas que regulan o control sanitario das piscinas de uso colectivo situadas no territorio da comunidade autónoma de Galicia.

A finalidade deste regulamento é completar a devandita normativa establecendo as condicións que deben respectar as persoas usuarias, coa fin tanto de garantir un bo uso das instalacións, que reverta no seu óptimo funcionamento, como de facilitar a convivencia nestes espazos que son compartidos a cotío por unha pluralidade de persoas.

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Este regulamento ten por obxecto ordenar o uso das piscinas municipais de titularidade do Concello de Oleiros, sexan xestionadas por este directamente ou ben indirectamente por calquera das modalidades de xestión de servizos públicos previstas nas normas, e será de aplicación ás actividades que se desenvolvan nestes espazos.

Artigo 2. As piscinas municipais teñen a condición de bens de dominio público, destinados á prestación dun servizo público municipal á cidadanía, de acordo co artigo 4 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño e co artigo 85 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

Artigo 3. Son finalidades do servizo público que se presta nas piscinas municipais as seguintes:


a)- Promover o acceso da cidadanía, sen discriminacións ou límites de idade, á práctica de actividades físicas, como ocupación saudable do tempo de lecer.

b)- Achegar a actividade acuática aos menores mediante os programas deportivos que se implanten.

c)- Promover cursos de natación entre os diferentes sectores da poboación.

Artigo 4. As condicións hixiénico-sanitarias das piscinas municipais serán as establecidas no Decreto 103/2005, do 6 de maio, da Xunta de Galicia polo que se establece a regulamentación técnico sanitaria das piscinas de uso colectivo, ou polas normas que o modifiquen ou substitúan, así como polo resto da normativa estatal ou autonómica, segundo o réxime de distribución de competencias.

Artigo 5. As piscinas municipais estarán abertas ao público nos horarios que se aproben e deberanse atopar nun lugar visible nas instalacións.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

CAPÍTULO II.- ACCESO ÁS INSTALACIÓNS

Artigo 6. Só terán acceso á condición de abonado, as persoas empadroadas en Oleiros, aínda que as non empadroadas poderán acceder á instalación por medio do sistema de adquisición de entrada puntual, **agás que o Concello de Oleiros a prol de garantir o equilibrio financeiro da concesión, autorice expresamente a admisión como abonados ás persoas non empadroadas no termo municipal de Oleiros.** O acceso ás instalacións das piscinas municipais farase polos seguintes medios:

a)- Mediante a adquisición dunha entrada, en calquera das modalidades que se establezan.

b)- (Só para empadroados no Concello de Oleiros). Pola posesión do carné de abonado das instalacións, en calquera das súas modalidades sempre que estea actualizado e a persoa interesada non teña pendente o pagamento das cotas establecidas .

Tipoloxía de abonos:

➤ *Abono individual xeral*

Usuario a partir de 25 anos (inclusive).

Ten acceso libre á instalación en todo o horario de apertura.

Debe acreditar a idade coa fotocopia do DNI.

➤ *Abono individual de mañá*

Usuario a partir de 18 anos (inclusive).

Ten acceso libre á instalación desde o horario de apertura ata as 15:00 h de luns a venres. Sábados e festivos non terán restrición horaria.

Debe acreditar a idade coa fotocopia do DNI.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

➤ *Terceira idade*

Usuario a partir de 60 anos (inclusive).

Ten acceso libre á instalación en todo o horario de apertura.

Debe acreditar a idade con fotocopia do DNI.

➤ *Abono xuvenil*

Usuario de idade comprendida entre 12 e 25 anos.

Ten acceso libre á instalación en todo o horario de apertura. Por razóns de idade, poderá ter o acceso restrinxido a determinadas zonas.

Debe acreditar a idade con fotocopia do DNI e presentar a autorización de uso por parte dos pais ou titores (no caso de menores de 18 anos).

➤ *Abono familiar*

Dentro deste tipo de abono están incluídos todos os membros da unidade familiar. Os fillos deberán ter menos de 25 anos.

Debe acreditarse con fotocopia do Libro de Familia

Tamén poderán incluírse neste abono:

- As parellas de feito (coa correspondente acreditación).
- Familiares con tutela dun menor (acreditación correspondente).
- Fillos maiores de 25 anos con certificado de minusvalía no caso de minusvalías psíquicas e acollerase aos dereitos establecidos para a idade mental acreditada.

➤ *Entrada puntual xeral*

Terán dereito a acceder aos distintos servizos ofertados, (segundo prescricións do Regulamento interno do servizo), sen límite de tempo.

- Os nenos menores de 12 anos deberán acceder á instalación acompañados por unha persoa adulta que se responsabilizará durante a estancia acompañándoo en todo momento.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

- O documento de abono será persoal e intransferible, e autoriza o uso das instalacións durante os horarios de apertura ao público, polo que só poderá ser utilizado polo titular; o incumprimento desta obriga dará lugar ás consecuencias previstas neste regulamento.
- Tamén terán acceso ás instalacións os membros das entidades deportivas que teñen concedido o dereito de utilización das piscinas conforme o establecido neste regulamento e coa autorización previa do Concello de Oleiros.

Artigo 7. No caso de ter dúbidas sobre a identidade do/a titular do abono, e por requirimento do persoal da instalación, a persoa interesada deberase identificar mediante o documento acreditativo que corresponda (DNI, pasaporte ou similar).

A utilización fraudulenta do abono dará lugar á imposición á persoa titular das sancións previstas neste regulamento.

Artigo 8. A inscrición como abonado/a da instalación farase mediante a presentación da correspondente folla de solicitude de ingreso e o abono da cota de entrada establecida.

Artigo 9. A condición de abonado/a manterase mentres non sexa acordada a súa baixa por vontade da persoa interesada ou ben por imposición dunha sanción, conforme ao establecido nesta ordenanza.

A persoa abonada queda obrigada a comunicar os cambios que se produzan nos seus datos persoais, que servirán de base para o recoñecemento daquela condición ou para a realización de xestións a ela ligadas.

Cando unha persoa desexe causar baixa como abonada, deberá comunicar esta circunstancia por escrito mediante un impreso de



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

baixa voluntaria; este escrito presentarase antes do día 15 do mes anterior ao cal quere causar baixa.

Artigo 10. O pagamento das cotas mensuais establecidas, **agás a primeira mensuralidade que deberá abonarse en efectivo, poderá realizarse mediante domiciliación bancaria ou ingreso en efectivo.** Se o recibo for devolto pola entidade bancaria, o/a abonado/a deberá realizar o ingreso en metálico.

Os abonados que non estean ao corrente do pago dos seus recibos, non poderán acceder ás instalacións e perderán aquela condición segundo o establecido neste regulamento.

Artigo 11. O importe das cotas revisarase anualmente segundo as variacións do IPC.

Artigo 12. A condición de abonado/a dá dereito ao acceso aos vasos e ás salas de acondicionamento físico das instalacións, dentro dos horarios establecidos correspondentes ao seu tipo de abono.

CAPÍTULO III.- NORMAS DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

Sección 1ª.- Disposicións xerais

Artigo 13. O acceso ás instalacións municipais supón a aceptación das persoas usuarias das normas contidas neste regulamento e no resto da normativa de aplicación.

Artigo 14. As persoas que utilicen as instalacións das piscinas municipais deberán respectar as seguintes normas xerais:

a)- Está prohibido fumar en todos os espazos das instalacións.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

b)- Prohíbese a utilización de teléfonos móbiles dentro das instalacións.

c)- Non se poderá acceder ás instalacións con animais.

d)- Para facilitar a convivencia de todas as persoas usuarias, non se debe correr nin berrar nas zonas compartidas con outra xente.

Artigo 15. As persoas que utilicen as instalacións das piscinas municipais de Oleiros deberán amosar un comportamento correcto e respectuoso para o resto das persoas coas que as compartan e cara ás instalacións e os bens que nelas se atoparen, así como manter estas nas axeitadas condicións de limpeza e hixiene tras o seu uso.

Artigo 16. Nas instalacións das piscinas municipais de Oleiros existirán follas de reclamación a disposición das persoas que as utilicen, segundo o establecido na normativa sobre consumo.

Artigo 17. As persoas usuarias disporán dunha caixa de correo onde poder dirixir as súas queixas ou suxestións sobre o funcionamento do servizo; para esta finalidade existirá nas instalacións un espazo especialmente destinado a recoller as suxestións, que estará en lugar visible e accesible. Así mesmo, deberase informar nun lugar visible ás persoas interesadas da existencia desta caixa e da posibilidade de presentar nela as súas queixas ou suxestións.

Artigo 18. O Concello de Oleiros e a empresa adxudicataria do servizo non se farán responsables dos obxectos perdidos, abandonados, ou subtraídos nas instalacións.

Artigo 19. Os acompañantes non poderán acceder aos vestiarios e zona de praia na piscina.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

Sección 2ª.- Utilización dos vestiarios

Artigo 20. As persoas usuarias teñen a obriga de colaborar en manter os vestiarios e demais espazos da instalación en correctas condicións hixiénicas para a súa utilización.

Artigo 21. É obrigatorio o uso de chancletas para se duchar e circular polos vestiarios.

Artigo 22. Está prohibido realizar accións como afeitarse, depilarse ou tinxirse, cortar as uñas ou outras accións de hixiene persoal dentro do recinto dos vestiarios

Artigo 23. Os armarios débense deixar baleiros despois do seu uso. As chaves dos armarios non poderán saír das instalacións en ningún caso.

Artigo 24. O lixo deberase deixar en recipientes destinados para o efecto.

Artigo 25. Os nenos e as nenas maiores de 6 anos (inclusive) deberán utilizar unicamente o vestiario que lles corresponda.

Artigo 26. Pola súa propia seguridade, non se permite o uso de aparatos eléctricos que non sexan os da propia instalación.

Artigo 27. Non se pode comer no interior dos vestiarios.

Artigo 28. Os papeis, compresas, pelos... deberán ser depositados nos contedores destinados para tal fin.

Artigo 29. O número máximo de usuarios que de xeito simultáneo poden utilizar os vestiarios (masculinos e femininos será):

a) Piscina de Oleiros: 35 persoas por cada vestiario



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

- b) Piscina de Dorneda: 35 persoas por cada vestiario
- c) Piscina de Perillo: 11 persoas por cada vestiario
- d) Piscina de A Fábrica: 20 persoas por cada vestiario

Sección 3ª.- Utilización das piscinas

Artigo 30. É obrigatorio, por motivos hixiénicos, o uso de zapatillas de auga e gorros de baño.

Artigo 31. É obrigatorio ducharse antes da inmersión na auga do vaso.

Artigo 32. Prohíbese a entrada vestido e con calzado da rúa na zona de praia.

Artigo 33. Está prohibido ouriñar e cuspir na piscina.

Artigo 34. O número máximo de persoas nos vasos será de 6 por cada unha das estaxes dos que dispoñen todas as piscinas municipais. Asemade, os usuarios están obrigados a seguir as instrucións dos socorristas en canto ao uso das estaxes, que segundo o nivel e ritmo de nado estarán distribuídos en rápidos e lentos.

Artigo 35. No horario de baño libre, os/as nenos/as deben ir acompañados por un adulto.

Artigo 36. Está prohibido entrar no vaso con maquillaxe, cremas ou apósitos de ningún tipo.

Artigo 37. Non está permitido o emprego de colchonetas, flotadores, gafas de cristal, ou calquera elemento que a xuízo das persoas responsables da seguridade do vaso poidan supoñer algún risco para o resto de usuarios.

Artigo 38. Prohíbese saltar á auga de cabeza, desde os laterais ou sentarse nas *corcheiras*.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

- Artigo 39.** Prohíbese comer e beber na zona de praia reservada aos bañistas.
- Artigo 40.** Para evitar riscos sanitarios, está prohibida a entrada na zona reservada aos bañistas, daquelas persoas que padezan enfermidades cutáneas ou doutro tipo que pola súa natureza se poidan contaxiar a través da auga.
- Artigo 41.** Non está permitido mascar *chicle*, beber nin comer nas diferentes zonas de baño.
- Artigo 42.** Por razóns de seguridade están prohibidos xogos e prácticas perigosas (lanzarse á auga desde os laterais, *poyetes* de saída ou calquera zona do vaso, así como sentarse nas *corcheiras*).
- Artigo 43.** Non se permite introducir utensilios para a natación subacuática, colchonetas ou elementos inchables.
- Artigo 44.** As gafas de natación ou doutro tipo, deberán ter lentes de plástico ou irrompibles.
- Artigo 45.** Non se permite o emprego de flotadores, aletas, gafas de cristal excepto en actividades organizadas polo centro. No caso de prescrición médica ou adestramento deberá ser comunicado ao socorrista, e sempre dentro dos horarios establecidos para iso.
- Artigo 46.** Deberán respectarse os espazos destinados en cada momento aos diferentes usos (cursos organizados ou nado libre...)
- Artigo 47.** O uso do servizo da caixa de urxencias, é exclusivo para situacións de urxencia producidas na instalación, en ningún caso cumpre funcións de servizo de curas, cambios de vendaxes, consulta médica...



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

Artigo 48. A temperatura da auga do vaso cuberto manterase entre 25 e 30° C. A temperatura ambiental encontrárase entre 2 e 4 °C por riba da temperatura da auga do vaso, todo iso en base ao artigo 7 do capítulo I do Decreto 103/2005 do 6 de maio que regula as condicións técnico sanitarias de piscinas de uso colectivo.

Sección 4ª.- Utilización da sala de acondicionamento físico

Artigo 49. Non está permitida a entrada na sala de acondicionamento físico a menores de 18 anos agás estean a participar nun programa dirixido polo Concello de Oleiros.

Artigo 50. Por motivos hixiénicos é obrigatorio levar unha toalla para realizar os exercicios nos distintos aparatos e bancos.

Artigo 51. Non se pode acceder á sala co mesmo calzado que se utilice para acceder desde o exterior, e deberá ser sempre calzado deportivo.

Artigo 52. A persoa usuaria debe respectar o material da sala e recollelo unha vez que remate o seu uso.

Artigo 53. A persoa usuaria debe desaloxar a máquina ou o aparato a utilizar entre series, de xeito que permita unha rotación a outros abonados.

Artigo 54. Ao rematar o adestramento deberase recoller o material utilizado.

Artigo 55. Non se permite a entrada á sala con mochilas, botellas de cristal e comida.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

Artigo 56. No caso de haber xente esperando deberemos de respectar o tempo de limitación estipulado para as máquinas de cardiovascular e musculación.

Artigo 57. Queda terminantemente prohibida a utilización de calquera espazo da instalación deportiva para impartir clases con finalidade de uso e beneficio particular, agás as autorizadas expresamente por escrito polo Concello de Oleiros.

Artigo 58. A capacidade máxima das salas de musculación e cardiovascular son na piscina de Perillo (96 m²) 30 persoas, na piscina de Oleiros (239 m²) 45 persoas e na piscina de Dorneda (312 m²) 58 persoas.

Sección 5ª.- Utilización das saunas

Artigo 59. Está prohibida a entrada na sauna a menores de 18 anos.

Artigo 60. Gafas, lentes de contacto e obxectos metálicos deben retirarse antes de entrar na sauna.

Artigo 61. En todo momento deberá respectarse a capacidade máxima establecida.

Artigo 62. Está prohibida a manipulación dos botóns de control da sauna.

Artigo 63. Está prohibido o acceso á zona spa a menores de 18 anos.

Artigo 64. É obrigatorio o uso de toalla e traxe de baño.

Artigo 65. Prohíbese o acceso ao recinto con roupa e calzado de rúa.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

- Artigo 66.** Na sauna non se permite permanecer de pé nin pisar con calzado nos bancos.
- Artigo 67.** É obrigatorio ducharse antes de acceder á sauna e tamén a continuación se desexa acceder a algún dos vasos.
- Artigo 68.** Non se permite afeitarse, depilarse, tinguir, ou outras accións de hixiene persoal ou antihixiénicas (ouriñar, cuspir) no interior da sauna. Así mesmo, prohibese o acceso con maquillaxes, cremas ou apósitos de calquera tipo.
- Artigo 69.** Está prohibido o uso recreativo.
- Artigo 70.** Está totalmente prohibido o uso da sauna no caso de problemas cardiovasculares, hipertensión, hipotensión, embarazo... e o acceso a toda persoa que padeza calquera enfermidade infecto-contaxiosa.
- Artigo 71.** Por motivos de saúde o tempo de permanencia na sauna, non debe superar nunca os 15 minutos.
- Artigo 72.** É obrigatorio o uso de zapatillas de baño para circular.
- Artigo 73.** Non se permite derramar ou utilizar ningún tipo de líquidos, eucaliptos... A sauna finlandesa é unha sauna de tipo seco e como tal o uso da auga debe ser limitado para que cumpra as súas funcións e non se estrague a maquinaria.

Sección 6º.- Utilización das salas de actividades dirixidas

- Artigo 74.** En xeral non se permite a participación nas actividades a persoas menores de 16 anos, de maneira xeral. Os maiores de 16 anos poderán acceder sempre que presenten a correspondente autorización do pai, nai ou titor.
- Artigo 75.** Non se permite a utilización da sala nin a manipulación do material sen a presenza dun monitor.
- Artigo 76.** Por motivos de hixiene, é obrigatorio levar unha toalla para asistir ás clases.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

Artigo 77. Por cuestións de orde e para respectar a dinámica das actividades non se permite, entrar nas clases 10 minutos despois do seu comezo (no caso das de 50 minutos ou unha hora) nin 5 minutos despois do comezo das actividades de 30 minutos.

Artigo 78. Non está permitida a entrada ás salas con mochilas, botellas de cristal ou comida.

Artigo 79. A persoa usuaria deberá colocar o material no seu lugar, unha vez rematada a sesión.

Artigo 80. Aquelas actividades con capacidade limitada xestionaranse mediante a reserva de praza.

Sección 7º.- Normas administrativas

- A cota de matrícula, a primeira mensuralidade e os cursos, pagaránse en efectivo. Os demais pagamentos mensuais poderánse facer por domiciliación bancaria ou tamén en efectivo, este último sistema dentro dos 5 primeiros días de cada mes.
- As persoas que acrediten unha discapacidade psíquica, que derive nunha diminución da súa idade mental, terán os dereitos e os deberes correspondentes á idade que acrediten.
- Todas as persoas que non aboén as respectivas cotas non poderán acceder á instalación. Serán baixas automáticas aqueles abonados que deixen de aboar dúas mensuralidades consecutivas.
- Para darse de baixa en calquera actividade haberase de notificar por escrito co correspondente formulario antes do día 20 do mes anterior ao que se desexe facer efectiva a baixa.
- O feito de darse de baixa implica a perda da cota de matrícula.
- Con respecto ao abono familiar e unha vez cumpridos os 25 anos de idade, en caso de non cursarse a baixa do/a abonado/a, procederase ao cambio automático á modalidade de abono xeral.
- Cando o recibo dunha persoa abonada é devolto pola entidade bancaria, o/a abonado/a deberá pagalo persoalmente na instalación.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

NORMATIVA CURSILLISTAS

- O primeiro día de clase presentarase o xustificante de pagamento ao/a monitor/a.
- As persoas que non sexan abonadas deberán presentar o carné de asistente ao curso na recepción e recollelo ao abandonar a instalación.
- As persoas que non son abonadas poderán acceder á instalación con 15 minutos de antelación, e abandonala 15 minutos despois da finalización da sesión.
- Os menores de 6 anos poderán acceder ao vestiario de grupos cunha persoa adulta; no caso de non ser abonado deberá abandonar o recinto durante a sesión
- As persoas asistentes ao curso non abonadas terán limitado o acceso exclusivo aos vestiarios o ao curso no que estean apuntadas. Tamén terán limitado o tempo de permanencia na instalación á duración do curso máis 30 minutos para cambiarse (entrada + saída).
- Para os efectos da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter oficial, ao inscribirse na instalación autorízase a utilización dos datos persoais e o seu tratamento informático para a xestión da instalación e no seu caso, envío de información comercial inherente á xestión do centro.
- Prohíbese a captación, reprodución ou publicación por fotografía, filme, ou calquera outro procedemento, da imaxe dunha persoa en lugares ou momentos da súa vida privada ou fora deles (Lei orgánica 1/1982).



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

CAPÍTULO V.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 81. Consideraranse faltas leves as seguintes condutas:

- a) A desobediencia das instrucións e advertencias que o persoal das instalacións determine co fin de cumprir este regulamento ou as normas sobre a utilización das piscinas de uso colectivo, en especial os artigos referentes ao comportamento das persoas usuarias e a utilización das instalacións.
- b) As accións que causen danos nas instalacións ou no equipamento.

Consideraranse faltas graves as seguintes condutas:

- a) A falta de respecto cara ao persoal das instalacións ou demais persoas usuarias.
- b) As accións ou omisións que impliquen deterioración grave das instalacións ou equipamento.
- c) A subtracción de obxectos situados nas instalacións
- d) O uso fraudulento de documentos para o acceso ás instalacións ou a cesión destes documentos a terceiros non autorizados.
- e) A reiteración de faltas leves.

Consideraranse faltas moi graves:

- a) As accións que prexudiquen gravemente ou supoñan riscos para a saúde dos/as usuarios/as ou persoal da instalación.
- b) As accións que impliquen unha deterioración moi grave ou irreversible nos equipamentos da instalación.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

c) A reiteración de faltas graves.

Artigo 82. As faltas leves serán sancionadas con multa de 6 € a 200 €. Estas sancións serán impostas por un acordo da Alcaldía.

As faltas graves serán sancionadas con multa de 201 € a 400 €. Estas sancións serán impostas pola Alcaldía, despois da audiencia á persoa usuaria.

As faltas moi graves serán sancionadas coa expulsión das instalacións por un período máximo dun ano, perdendo, no seu caso, a condición de abonado/a. Estas sancións serán impostas pola Alcaldía.

A comisión dunha infracción poderá dar lugar á expulsión inmediata do recinto, coa posterior perda, no seu caso, da condición de abonado ou participante nos cursos ou actividades que se realicen.

Artigo 83. As sancións impostas en cumprimento deste regulamento son independentes das responsabilidades civís, penais ou de calquera orde en que puidesen incorrer os autores de danos aos bens ou ás instalacións.

O autor de danos, roturas ou deterioracións aos elementos das instalacións deportivas deberá aboar o importe que corresponda con independencia das sancións administrativas que se impoñan.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO
AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA**

Disposición transitoria

Co obxectivo de manter o equilibrio económico-financeiro da concesión durante o período no que se xestione unicamente a piscina de Dorneda, o adxudicatario estará autorizado a tramitar nesta instalación o abono dos usuarios non empadroados no termo municipal, ata a data na que estean todas as instalacións incorporadas á concesión

Disposición derogatoria

Quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango en todo o que se opoñan expresamente ou contradigan o disposto neste regulamento.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor tras a publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, consonte o establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.